



Escola Embaixadora do Parlamento Europeo

Nome: _____ **Clase:** _____

**Programa educativo encamiñado a estimular
o coñecemento de Europa e da democracia europea
entre a xente nova proporcionándolle un coñecemento activo da
Unión Europea e do Parlamento Europeo en particular.**

É unha iniciativa da Oficina de Información do Parlamento Europeo.

EXTRACTO

Este documento ten contidos didácticos destinados a seren desenvolvidos nos centros educativos que decidiron implantar o programa de Escola Embaixadora da Unión Europea.

ÍNDICE

Módulo 1.	A historia da Unión Europea en poucas palabras	5
Módulo 2.	A Unión Europea e mais ti: a influencia da UE na túa vida	12
	— Europa ten algo que dicir!	14
	— Dereitos humanos	14
	— Euro	15
	— Medio ambiente	16
	— Enerxía	17
	— Europa ten algo que dicir! Non sempre...	18
	— Ámbitos políticos	19
Módulo 3.	Tomar decisións	21
	— Quen fai que na Unión europea?	22
	— O Consello Europeo: Ao cumio!	22
	— O Consello de Ministros: cada país fai oír a súa voz	23
	— A Comisión Europea	23
	— O Parlamento Europeo	24
	— Como se elabora unha lei europea?	26
Módulo 4.	Europa sen fronteiras?!	28
	— O medio ambiente	28
	— Terrorismo e delincuencia	29
	— Enerxía	31
	— A cidadanía europea	32
Módulo 5.	Os valores europeos	34
	— Liberdade	37
	— Solidariedade	37
	— Diversidade pero igualdade ante a lei	38
	— Dereitos humanos e política exterior	39
Módulo 6.	A túa voz en Europa	41
	— O teu voto inflúe!	41
	— O teu voto conta?	41
	— O teu voto ao Parlamento Europeo	41
	— Que vas facer?	42

Módulo 1: «A historia da Unión Europea en poucas palabras»

A Unión Europea forma parte do teu día a día sen que te decates. Por exemplo, o número de urxencias 112, ao que podes chamar se che rouban ou se es vítima ou testemuña dun accidente ou dun incendio, é o mesmo en toda Europa.

Así mesmo, grazas á Unión Europea, podes viaxar —por exemplo, a Francia ou Alemaña— sen pasar controis fronteirizos, ou podes pagar en euros en moitos países da Unión. Desta maneira, podes saber facilmente se un xeado é máis barato aquí ou en Italia.

Estas vantaxes parécenche hoxe evidentes, mais debes saber que as cousas non sempre foron así. Os países europeos non sempre traballaron de forma conxunta. Entre 1870 e 1945 tiveron lugar non menos de tres guerras entre Francia e Alemaña. Probablemente terías ocasión de ler ou escoitar relatos, en particular sobre a última guerra, a Segunda Guerra Mundial (1939-1945), que tamén se explica nas clases de historia.

Podes ver unha curta sobre a historia de Europa facendo clic na ligazón seguinte:

<http://www.youtube.com/watch?v=HjybKIiKKUK>

Outras ligazóns:

- Historia Aula / Unión Europea
- Falamos de Europa
- A propia páxina web da Oficina do Parlamento www.europarl.es

Cita tres feitos relacionados coa Segunda Guerra Mundial:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____



Sigue lendo para comprenderes a orixe da Unión Europea. Tamén o teu profesor/a pódete dar explicacións adicionais.

Ao final da Segunda Guerra Mundial, os dirixentes e cidadáns europeos decidiron non se declarar a guerra nunca máis. Pero iso é máis fácil de dicir que de facer. Franceses e alemáns foran a miúdo inimigos e, por moito que a guerra xa rematara, non pasaran a ser amigos.



Por esta razón, o ministro francés Robert Schuman trazou un plan. Este plan tomou de contado o seu nome: o **Plan Schuman**. Schuman fíxoo público o 9 de maio de 1950.

Actualmente, cada 9 de maio celebramos o «Día de Europa».

O plan Schuman prevía unha colaboración entre Francia e Alemaña para a produción de carbón e aceiro. Deste xeito, ningún dos dous protagonistas podería fabricar armas sen que o outro o soubese. Xuntos, Francia e Alemaña lograron xerar os máximos ingresos posibles a partir destas dúas materias primas, e con este diñeiro puideron reconstruír edificios, estradas e vivendas, dado que a Segunda Guerra Mundial ocasionara danos moi cuantiosos. **Italia, Bélxica, Luxemburgo e os Países Baixos** consideraron excelente esta idea, polo que se asociaron tamén ao proxecto.

En 1951 creouse a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA), que foi o xerme da Unión Europea.

Cales son os seis países que participaron no proxecto?

_____	_____
_____	_____
_____	_____

Por que o carbón e o aceiro eran tan importantes despois da guerra? Tres razóns:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____

A colaboración entre estes países funcionou tan ben que determinaron dar novos pasos xuntos. Deste modo naceu a Comunidade Económica Europea (CEE) en 1957. Os acordos que regulaban esta cooperación económica foron consignados nun tratado.



Neste tratado figuraban os acordos sobre agricultura, economía e transportes. As boas regras instauradas no ámbito da agricultura tiñan por obxecto evitar no futuro o azoute da fame sobre Europa. A colaboración nos ámbitos da economía e os transportes permitíalles aos países intercambiárense os seus produtos máis doadamente e de modo máis vantaxoso.

Cita algúns produtos á venda en supermercados que procedan dos países europeos seguintes:

PAÍS	PRODUTOS
1. Países Baixos	
2. Italia	
3. Alemaña	
4. Reino Unido	
5. Francia	
6. Grecia	
7. Polonia	

Conforme pasaba o tempo, tamén outros países consideraron que lles sería beneficioso sumarse á Comunidade e aproveitar así as vantaxes que esta ofrecía.

En 1992 a CEE contaba xa con doce países (chamados tamén «Estados membros»). Esta asociación de países chámase hoxe Unión Europea. A decisión sobre o nome tomouse en Maastricht. O Tratado de Maastricht fixo aínda máis fáciles os intercambios entre os países da Unión Europea: suprimíronse numerosas normas sobre importación e exportación de produtos e isto permitiulles aos Estados comerciaren de maneira aínda máis vantaxosa. O novo tratado deulles así mesmo aos traballadores a posibilidade de traballaren en países da Unión distintos do seu sen excesivas pexas.

Actualmente, a Unión Europea está formada por 28 países.


Segundo os tratados, calquera Estado europeo democrático pódese adherir a ela, polo que é moi probable que nos vindeiros anos a Unión Europea siga ampliándose.

Poderías nomear algún país que aínda non sexa membro da Unión Europea e que desexe selo?

Na túa opinión, sería unha boa ou mala idea? Intenta explicar por que.


Dende o 1 de decembro do 2009 está en vigor un novo tratado que se lles aplica a todos os Estados membros. É o Tratado de Lisboa. Este Tratado elaborouse para facer a Unión Europea máis democrática e máis fácil de gobernar. Como é máis lóxico regular algunhas cuestións a escala europea —por exemplo, as tarifas de telefonía móbil ou as políticas de inmigración— estas decisións tómanse actualmente dentro da Unión.

Podes poñer outro exemplo deste tipo? Algunha decisión que consideres necesaria e que sexa de competencia europea.



Deseguido atoparás as datas da adhesión á UE dos distintos países que hoxe a forman.

ANO	PAÍS	NÚMERO DE PAÍSES
1957	Bélxica, Francia, Italia, Luxemburgo, Países Baixos e Alemaña Occidental (membros fundadores)	6
1973	Dinamarca, Irlanda e Reino Unido	9
1981	Grecia	10
1986	España e Portugal	12
1990	Reunificación alemá: Alemaña Oriental adhírese á Unión Europea	12
1995	Finlandia, Austria e Suecia	15
2004	Chipre, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Eslovenia, Eslovaquia e República Checa	25
2007	Bulgaria e Romanía	27
2013	Croacia	28





O 9 de maio, co gallo do «**Día de Europa**», oímos a miúdo o himno europeo. Esta peza musical é un símbolo da Unión Europea. A melodía procede da *Novena Sinfonía* de Ludwig van Beethoven, composta en 1823. O himno non ten letra e expresa os ideais de liberdade, paz e colaboración que tan queridos lle son a Europa.

Escoita a melodía en YouTube.

Non se trata de substituír os himnos nacionais dos Estados membros. As diferenzas entre os países persisten tamén grazas aos himnos e ás linguas. Os países europeos resolven xuntos as cuestións só se cada un dos países resulta beneficiado. Por iso dicimos que a Unión Europea está UNIDA NA DIVERSIDADE.

Pon outro exemplo deste tipo:



Que representan as estrelas da bandeira europea?




A continuación podes ver un mapa mudo de Europa.
Fai unha cruz nos países que forman parte da Unión Europea.



Módulo 2: «A Unión Europea e mais ti: a influencia da UE na túa vida»

- Sabes que grazas á Unión Europea máis de dous millóns de estudantes poden estudar e facer prácticas no estranxeiro?
- Sabes que a Unión Europea destina moito diñeiro ás poboacións dos países pobres?
- Sabes que a Unión Europea prohibiu os ensaios con animais para a fabricación de cosméticos?
- Sabes que grazas á Unión Europea non se declarou ningunha guerra entre os seus Estados membros dende hai máis de 60 anos?
- Sabes que grazas aos acordos concluídos pola Unión Europea, o prezo das chamadas telefónicas e da itinerancia baixou constantemente nos últimos anos?
- Sabes que grazas á Unión Europea podes viaxar e traballar na case totalidade dos 28 Estados membros sen ter que someterte a controis nas fronteiras?
- Sabes que a Unión Europea traballou para que os homes e as mulleres perciban un mesmo salario por un mesmo traballo?
- Sabes que a Unión Europea lle aplica requisitos estritos ao sector da agricultura e vela pola calidade da nosa alimentación?
- Sabes que a Unión Europea celebra tamén acordos con países terceiros nos ámbitos do comercio, o medio ambiente, as exportacións, a seguridade e a loita contra os problemas internacionais, como o terrorismo e a crise financeira?



A lista é aínda longa...

Europa énos próxima: todos somos cidadáns de Europa e as súas accións inciden na nosa vida cotiá, xa se trate da alimentación, das tarifas telefónicas, da nosa formación, do medio ambiente, do noso traballo, do teu futuro e do meu...

A que países fuches de vacacións? Que países che gustaría visitar?

Gustárame visitar: _____

Tes coñecidos ou amigos que non vivan no teu país? Se é así, de que países son e en que lingua falas con eles?

País	Lingua
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Imaxina que tes que facer unhas prácticas nun país europeo. En que país preferirías facelas e por que?

Namentres estás a facer as prácticas, poste enfermo e tes que ir ao médico ou ao hospital. Que documentos necesitas?





Europa ten algo que dicir!

Como vimos, a colaboración europea empezou só co carbón e o aceiro. Posteriormente, uníronse ao proxecto a economía e mais a enerxía, seguidos, progresivamente, doutros ámbitos políticos. A medida que os Estados membros ían comprendendo que os seus problemas nacionais se podían resolver máis eficazmente a escala europea, a Unión Europea asumiu unha nova misión. Os seus ámbitos políticos seguiron ampliándose coa agricultura, a contaminación ambiental, a inmigración, a delincuencia e a loita contra o terrorismo. En ocasións dise que a Unión Europea podería facer un pouco menos. O Parlamento Europeo e os ministros da Unión poderían decidir que así fose, pero de momento isto non ocorreu.

Dereitos humanos

Os dereitos humanos e a democracia son valores fundamentais para a Unión Europea. Os países que desexan ser membros da Unión teñen que respectar os dereitos humanos. Todos xuntos queremos loitar contra o sentimento de odio polos estranxeiros e contra as demais formas de discriminación por razón de crenzas, discapacidade, orientación sexual e idade. A Unión Europea considera que concederlles asilo ás persoas que se ven obrigadas a fuxir da guerra ou das persecucións nos seus países ten unha importancia fundamental. Así mesmo, tenta poñerlle fin á trata de seres humanos, en particular de mulleres e nenos.



Pon un exemplo de discriminación por razóns de:

Discriminación por orientación sexual _____

Discriminación por crenzas _____

Discriminación por discapacidade _____

Euro

Grazas ao euro, agora é moito máis doado saber se un produto é máis barato noutro país. Xa non tes que cambiar diñeiro ou facer continuamente a conversión a outra moeda cando pasas as vacacións nun país da zona do euro. Grazas ao euro, as empresas europeas poden facer negocios máis rapidamente e concluír contratos interesantes.

Agora podes pagar en euros en 19 Estados membros da Unión Europea: Bélxica, Países Baixos, Luxemburgo, Alemaña, Francia, Austria, Italia, España, Portugal, Grecia, Letonia, Malta, Chipre, Eslovenia, Eslovaquia, Irlanda, Finlandia, Estonia, Lituania.

Observa as moedas que levas no teu moedeiro e as imaxes que figuran nelas.

Podes dicir de que país proceden e como te decataches?

Cita países de Europa que sen ser da UE usan a moeda euro.



Medio ambiente

As normas ambientais aplicadas pola Unión Europea atópanse entre as máis esixentes do mundo. A prioridade é a loita contra o cambio climático e a protección da saúde dos cidadáns. A Unión Europea tenta utilizar os recursos naturais de forma racional e protexer a biodiversidade (é dicir, facer as cousas de xeito que as especies animais e vexetais ameazadas sigan existindo).

Por exemplo, celebra acordos para regular as emisións de gases de efecto invernadoiro. De aquí a 2020 as emisións destes gases deben reducirse, como mínimo, un 20 % en comparación cos niveis de 1990.

Ademais, tamén hai lexislación sobre a contaminación acústica, a calidade das augas de baño e sobre outras cuestións que te poden afectar directamente.

Que son os gases de efecto invernadoiro?

Por que son nocivos os gases de efecto invernadoiro?

Podes citar tres especies ameazadas?

- 1

- 2

- 3



Enerxía

A enerxía é un compoñente esencial das nosas vidas. Necesítamola para os transportes, a calefacción ou a climatización, e tamén para que funcionen as fábricas, as oficinas e as explotacións agrícolas. Mais, que acontecerá se se esgotan as nosas reservas de petróleo ou de gas?

Non son estes combustibles os responsables do quecemento do noso planeta? A Unión Europea quere que os Estados membros xestionen os seus recursos enerxéticos de maneira máis eficaz e económica e que prosigan as investigacións sobre a enerxía solar e a eólica. Tamén é importante que cada cidadán vixíe atentamente o seu propio consumo enerxético. Pensa, por exemplo, en cousas sinxelas como o coche, o consumo de auga quente, a calefacción, a climatización ou a iluminación. Sabías que as lámpadas de filamento clásicas van desaparecer?

Vai a estes enderezos que teñen unha sección dedicada aos colexios:

http://ec.europa.eu/clima/index_es.htm



De que maneira podes aforrar enerxía na túa casa? Pon catro exemplos.

1 _____ 3 _____

2 _____ 4 _____

Que fas ti para aforrar enerxía?

Coidas que será fácil ou difícil levar á práctica accións que aforran enerxía?

Europa ten algo que dicir! Non sempre...

A Unión Europea pode opinar e decidir sobre un gran número de asuntos, como puidiches ler neste capítulo. Agora ben, no teu país hai outros tres niveis de toma de decisións: **municipio, comunidade autónoma e Administración nacional**. A Unión Europea toma decisións só cando estas resultan máis eficaces que as decisións adoptadas a escala nacional, autonómico ou municipal (o que se denomina «principio de subsidiariedade»). Deseguido, verás unha lista de ámbitos políticos sobre os que cómpre tomar decisións no teu país. Ás veces as decisións tómanse a escala da Unión Europea, outras veces a escala municipal, autonómica ou nacional.



Preferirías que a Unión Europea tomase máis decisións ou, pola contra, que tomase menos? Por que?

Quen decide? O municipio, a rexión, o Estado, a UE:

Recollida de lixos	
Conexións ferroviarias	
Telecomunicacións	
Prazas de aparcadoiro nun barrio	
Organización dos transportes rexionais	
Etiquetaxe dos produtos	
Loita contra o terrorismo	
Axuda aos máis necesitados	
Posta á disposición de instalacións recreativas	
Subvencións aos agricultores	
Coidados a domicilio	
Orzamento nacional	
Tarifas telefónicas	

COMPLETA: un mesmo ámbito político pode ser competencia de varios niveis administrativos.





Ámbitos políticos

Vai ao sitio www.europa.eu e selecciona a versión española; a continuación, fai clic en «Lista de temas» para poder ter unha visión completa dos ámbitos políticos da Unión Europea.

Tamén podes consultar algúns sitios relativos a Europa; por exemplo:

Este sitio vaiche permitir aprender moitas cousas sobre a influencia de Europa na nosa vida cotiá.

www.euractiv.es

Se tes preguntas sobre a Unión Europea e o seu funcionamento, neste enderezo atoparás moitas respostas.

www.europa.eu

Este sitio contén unha enorme cantidade de información sobre a Unión Europea: deputados europeos, Estados membros, mocidade europea, historia europea e moitos outros temas.

<http://www.europarl.es/es/juventud.html>

Descubrirás moitas cousas relacionadas coa xente nova e a Unión Europea.



Xogamos un pouco?

Vai ao sitio

http://europa.eu/kids-corner/index_es.htm

**Entretente cos xogos de «EuropaGO»
facendo clic en diferentes temas da
páxina e así poderás aprender moitas
 cousas sobre Europa.**

A que agora sabes máis cousas sobre
Europa?

**Sinala catro cousas que aprendiches sobre
a Unión Europea**

Agora sei que:

Agora sei que:

Agora sei que:

Agora sei que:





Módulo 3: «Tomar decisións»

Imaxina que todos os alumnos da túa clase proceden de diferentes países de Europa e que tedes que tomar xuntos decisións de todo tipo. Ademais, non falas máis linguas que a túa. Ha de ser duro!

Na Unión Europea ese problema xorde todos os días, por iso hai diferentes institucións. Cada unha delas ten unha tarefa precisa que cumprir e vela por que o traballo estea ben repartido. Ás veces é un labor difícil, pero é necesario para que cada un dos 28 países (Estados membros) da Unión poida influír na política establecida entre todos. Cando os países se reúnen, os intérpretes traducen o que di cada un. Deste xeito, todo o mundo pode falar na lingua de seu e entender os demais.

Como organizarías unha festa escolar con alumnos procedentes de 28 países? Pensa nas numerosas linguas e nas diferentes culturas.



Quen fai que na Unión Europea?

As institucións da Unión Europea son: o Consello de Ministros, o Consello Europeo, a Comisión Europea e o Parlamento Europeo. Xuntos establecen as normas e determinan as posicións da Unión. Os países deben velar por que se apliquen esas normas. A Unión ten tamén un tribunal: o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O Tribunal comproba que as empresas, os países e os cidadáns europeos respecten as regras da Unión.

O Consello Europeo: Ao cumio!

As grandes liñas da política da Unión Europea determínanas os xefes de Estado e de Goberno dos 28 Estados membros. Por regra xeral, reúnen-se catro veces ao ano. Estas reunións denomínanse «cumios europeos». O noso primeiro ministro ou presidente do Goberno representa o noso país no Consello Europeo. Os dirixentes da Unión debaten temas como a economía, o medio ambiente, a crise financeira ou a política exterior. Cada dous anos e medio, o Consello Europeo elixe un presidente permanente.

Busca o seu nome _____ País _____

Que asuntos che gustaría examinar INMEDIATAMENTE nun cumio europeo se foses ti o presidente?

Asunto

Por que?



O Consello de Ministros: cada país fai oír a súa voz.

O Consello de Ministros é un Consello totalmente distinto. Conta tamén con 28 membros, un por cada país. Non se compón dos primeiros ministros, senón dos ministros... que cambian constantemente en función do obxecto da reunión. Se a reunión trata de agricultura, reúnen todos os ministros de agricultura. O ministro do teu país acode a Bruxelas, igual que os demais ministros de agricultura do resto dos países da Unión.

Xa que logo, á reunión asisten 28 ministros. Se a reunión trata de ensino, reúnen en Bruxelas todos os ministros de ensino.

Os ministros intentan conseguir que cada un dos países estea relativamente de acordo coa decisión adoptada. Se se toman decisións de moita importancia —por exemplo, cando se debate se un país pode entrar a formar parte da Unión— todos os países, sen excepción, deben estar de acordo.

A Comisión Europea

A Comisión Europea conta así mesmo con 28 membros, un por país, chamados comisarios. Non entanto, ao contrario do que ocorre no Consello de Ministros, os comisarios non representan o seu propio país, senón á Unión Europea no seu conxunto. Cada comisario é competente para diferentes asuntos. A Comisión elabora propostas legislativas europeas e garante que a lexislación se aplique en todos os países. Ademais, é ela a que asegura a gobernanza da Unión Europea.

Fai unha busca en internet do termo «comisario europeo». Quen é o comisario do teu país e de que ámbito se ocupa?

Nome do Comisario

Ámbito do que se ocupa

Paréceche importante ese ámbito?

Por que?



O Parlamento Europeo

Cada cinco anos, todos os cidadáns da Unión Europea que cumpriron 18 anos poden elixir o Parlamento Europeo. Como sucede coas eleccións nacionais, autonómicas ou municipais, os votantes votan por un partido. Normalmente, trátase dos partidos nacionais «habituais». No Parlamento Europeo, os deputados dun mesmo país non sentan xuntos; sentan ao lado dos deputados doutros países da Unión cos

que teñen máis afinidades. Deste xeito, forman un partido europeo.

Cantos deputados ten o Parlamento Europeo?

Cantos deputados de España forman parte do Parlamento Europeo?

Na táboa seguinte preséntase como está constituído o Parlamento Europeo. Actualmente, conta con nove grupos que abranguen todo o espectro político e representan máis de 160 partidos nacionais:

Cubre a cuarta e quinta columna da táboa

	Grupos políticos europeos	Escanos	Partidos políticos españois	Escanos
	Grupo do Partido Popular Europeo (PPE)	217		
	Grupo da Alianza Progresista dos Socialistas e Demócratas no PE (S&D)	190		
	Grupo da Alianza de os Demócratas e Liberais por Europa (ALDE)	70		
	Grupo dos Verdes/ Alianza Libre Europea (Verdes/ ALE)	50		
	Conservadores e Reformistas Europeos (ECR)	74		
	Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL)	52		
	Europa da Liberdade e da Democracia (EFD)	45		
	Europa das Nacións e das Liberdades	39		
NI	Non Inscritos	14		
	Total escanos	751	Total escanos	



Como se elabora unha lei europea?

O proceso de elaboración dunha lei parte da Comisión Europea. Imaxinemos que esta considera que as comunicacións a través dos teléfonos móbiles deberían ser máis baratas en toda a Unión. A Comisión plasma daquela a súa idea nunha proposta que lle remite deseguido ao Parlamento Europeo. Se o Parlamento non a aproba, a proposta modifícase e pasa seguidamente ao Consello de Ministros. Se o Consello acepta a proposta modificada polo Parlamento, apróbase a lei. Non obstante, o Consello de Ministros pode, como o Parlamento, realizar modificacións.

Se as institucións non se poñen de acordo entre elas, a lei non segue adiante. Un pouco complicado, non?

Cidadáns, Grupos de interese, Expertos: debaten sobre algún asunto e consultan a COMISIÓN.



COMISIÓN: faille unha proposta formal ao PARLAMENTO.



PARLAMENTO E CONSELLO DE MINISTROS: decisión conxunta. APRÓBASE A LEI.



Autoridades nacionais e locais: aplican a lei.



COMISIÓN E TRIBUNAL DE XUSTIZA: controlan a aplicación.



Describe sobre que asunto elaborarías unha lei

Que che gustaría regular con esa lei?





Módulo 4: «Europa sen fronteiras!»

Os grandes problemas non se deteñen nas fronteiras.

O medio ambiente.

Pensa no medio ambiente. A contaminación do medio ambiente é un problema que non termina nas fronteiras do teu país, nin sequera nas de Europa. Como xa sabes, parte dos Países Baixos atópase baixo o nivel do mar. A Terra quece constantemente e o xeo dos polos norte e sur está a fundirse, o que, a longo prazo, provocará un ascenso do nivel do mar. Aínda non se coñece a magnitude deste fenómeno, pero si sabemos con seguridade que o quecemento da Terra ocasiona numerosos problemas. Nos Países Baixos teñen que controlar, por exemplo, que os seus diques sexan suficientemente altos e sólidos para evitar inundacións.

Os países da Unión Europea non poden facer fronte eles sos a estes grandes problemas ambientais e climáticos que afectan a todo o mundo. Formar parte da Unión Europea é fundamental. A Unión Europea ten máis habitantes que os Estados Unidos. Cos demais membros da Unión, pódese influír en grandes países como China ou os Estados Unidos, por exemplo, para mellorar a política ambiental.

Sinala cales son o tres problemas ambientais máis importantes que afectan a Europa e cales son as súas consecuencias:

Problemas	Consecuencias
1 _____ _____	_____ _____
2 _____ _____	_____ _____
3 _____ _____	_____ _____

Terrorismo e delincuencia

Seguro que oíches falar dos atentados do 11 de setembro do 2001 contra as Torres Xemelgas en Nova York. Todo o mundo falou deles e dende entón a palabra «terrorismo» aparece a miúdo nas novas e nos xornais. O terrorismo non se detén nas fronteiras dun país en concreto; é un tema que nos afecta a todos.

O mesmo pode dicirse da delincuencia. Por exemplo, a droga introdúcese en Europa de contrabando dende Colombia e Afganistán. Xa que logo, non é soamente un problema nacional, senón tamén de Europa e doutros moitos países do mundo.





Ante estes dous problemas tan importantes, cómpre unha reflexión.

Na loita contra a delincuencia relacionada coa droga, debe actuar Europa ou cada país individual?

Es partidario dun maior control nos aeroportos? Pareceríache ben a instalación de escáner corporal?

A Unión Europea fixo posible que a policía e os investigadores poidan colaborar mellor en Europa grazas a unha organización chamada Europol, que ten a súa sede na Haia.

En www.europol.europa.eu podes coñecer máis cousas sobre o seu traballo.



Enerxía

Todo o que te arrodea está creado con axuda da enerxía. A enerxía existe en moi diversas formas. Poderías citar tres maneiras de producir enerxía?

1 _____

2 _____

3 _____

Con que materias primas conta o noso país para producir enerxía?

Cales son as nosas fontes de enerxía?

Que enerxía obtemos do estranxeiro?



A cidadanía europea

Que é exactamente a cidadanía? A cidadanía refírese aos dereitos no país onde vives, pero tamén ao teu lugar e á túa participación na sociedade.

Que sabes da túa localidade e que esperas dela?

A cidadanía europea non se debe ver como un concepto substitutivo, senón complementario, da cidadanía nacional. A cidadanía europea dáche as vantaxes seguintes:

- Podes vivir, traballar e estudar en calquera lugar de calquera Estado membro da Unión. Existen mesmo algunhas modalidades especiais que che permiten estudar varios meses noutro país europeo.
- Se, por exemplo, vives nunha vila de Finlandia, podes votar tamén nas eleccións ao concello desa vila. Deste xeito, podes influír na túa contorna e, por exemplo, conseguir que se constrúa unha nova estrada preto da túa casa.

Gustaríache ou motivaríate vivir, traballar ou estudar noutro país? De ser así, que país preferirías e por que?

Na serie seguinte, subliña cinco palabras ou expresións que consideres importantes para «a túa Europa» e a continuación compáraas coas dos teus compañeiros.

Solidariedade, medio ambiente, terrorismo, controis aduaneiros, traballadores inmigrantes, comida saudable, emprego, dereitos humanos, discriminación, ingresos dignos, repartición xusta, cultura, festival de Eurovisión, competicións europeas de fútbol, mares limpos, pesca, libre mercado, eliminación dos controis aduaneiros entre os países da Unión, poder traballar en calquera parte, euro, experimentación con animais, seguridade, igualdade de dereitos entre homes e mulleres, estudos.

Parece complicado, pero hai maneiras de facer oír os teus desexos sobre o futuro de Europa. En efecto, podes votar nas eleccións europeas. Escolles un partido afín a ti. Este partido traballa en colaboración con partidos doutros países da Unión e, conxuntamente, conforman un partido europeo.



Infórmate en www.europarl.europa.eu. Revisa o exercicio do módulo 3, páxina 25, e pensa con que partido te identificas máis.





Módulo 5: «Os valores europeos»

Seguramente terás oído falar de normas e de valores. Pero sabes que son exactamente? Os valores son os ideais que son moi importantes para ti ou para un grupo de persoas. Poden ser a felicidade, a seguridade, as boas relacións, a liberdade, o respecto ou o amor. As normas son necesarias para poder aplicar estes valores, polo que, en certo modo, son regras de conduta. Por exemplo, o valor da seguridade vai da man coa norma que dispón que debes respectar a velocidade máxima autorizada e non saltar os semáforos en vermello. O valor do respecto esixe que trates a todo o mundo da mesma maneira.

As persoas teñen a miúdo opinións moi diversas sobre as normas e os valores. Isto pódese deber ao seu pasado, ás súas conviccións ou ao seu país de orixe.

Escrebe unha lista dos 6 valores fundamentais para ti por orde de importancia e asóciaos con algunha norma que respecte ese valor.

	Valores	Normas
1	_____	_____
2	_____	_____
3	_____	_____
4	_____	_____
5	_____	_____
6	_____	_____



Durante as túas vacacións en Inglaterra ou en Finlandia seguramente te darías de conta de que moitas cousas eran diferentes ás do teu país. Non se trata só da lingua, senón tamén da comida, da maneira de vestir, da conduta das persoas e de todo tipo de cousas. No entanto, se foses dun país de fóra de Europa, verías que os europeos se parecen moito entre si.

En que te diferencias claramente do teu mellor amigo ou amiga? Cita tres diferenzas.

1 _____

2 _____

3 _____

E tamén hai, por suposto, moitas semellanzas. Cita tres.

1 _____

2 _____

3 _____



Cita agora tres similitudes e tres diferenzas cun italiano da túa idade.

	Similitudes	Diferenzas
1	_____	_____
2	_____	_____
3	_____	_____

Se vivises nun país onde se acabasen de producir inundacións ou un terremoto, que valores serían para ti os máis importantes?

Existen, pois, valores compartidos polas persoas de todo o planeta, como a saúde, a felicidade e o amor, pero tamén outros como a liberdade, a paz, a solidariedade, a igualdade e a democracia. Estes últimos valores veñen a miúdo determinados polos gobernos. Hai gobernos que non sempre escoitan con atención a voz dos cidadáns dos seus países. Os gobernos deste tipo chámanse ditaduras.

Poderías citar algúns países onde os valores de liberdade e democracia non son respectados polos seus gobernos?

Todos os países da Unión son democracias onde se respectan os dereitos humanos. A Unión Europea ocúpase non só de ámbitos como a economía, a seguridade e o medio ambiente, senón que lles dedica moita atención aos dereitos humanos, tanto dentro como fóra da Unión. Cando un país desexa converterse en membro da Unión, debe respectar estes valores e aplicalos no seu territorio. Esta regra vale tamén para todos os actuais Estados membros da Unión.

Valores europeos

Liberdade

Todos os cidadáns da UE teñen dereito a circular, vivir e traballar libremente en todo o territorio da Unión. Tamén es libre de dicir o que queres, o que pensas e o que sentes, a condición de que ao facelo non limites a liberdade dos demais a través da discriminación.

Nalgúns países da Unión Europea os homes poden casar con outros homes e as mulleres con outras mulleres. Isto chámase matrimonio homosexual. Esta norma non é unha lei da Unión. A Unión decidiu que cada país podía regular este tema como preferise.

Desexarías que a Unión tivese voz sobre este tema? Por que?

Solidariedade

Mesmo dentro da Unión Europea existen países cunhas economías que non van demasiado ben. Estes países sofren elevadas taxas de paro e pobreza. A Unión apoia os países que máis o necesitan inxectando fondos en proxectos destinados á educación, ao emprego, á saúde e á construción de estradas e de pontes. Deste xeito, todos os cidadáns poden beneficiarse dun reparto xusto da riqueza.

E ti que pensas?





Diversidade, pero igualdade ante a lei

Todos somos diferentes, quer en cultura, en crenzas, en aspecto, en opinións ou en orixe. Dentro da Unión Europea queremos que estas diferenzas sexan respectadas. Igual que na clase, podemos vivir, aprender e traballar os uns xunto aos outros. É a única maneira para vivir nunha sociedade onde cada un exprese o seu respecto polo outro, onde a discriminación non teña ningún lugar e onde todos gocen das mesmas posibilidades. A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión di que todos os habitantes do seu territorio teñen os mesmos dereitos. Isto significa que os políticos, os xuíces, os profesores, os agricultores, os carpinteiros, os desempregados, as persoas con discapacidade e, en fin, todos os cidadáns da Unión deben ser tratados da mesma maneira.

Cres que no teu país todo o mundo ten os mesmos dereitos? Pon un exemplo.

Podes considerar Europa como unha grande empresa onde os países e os habitantes, independentemente da súa orixe, tentan respectar valores como a liberdade, as crenzas, a igualdade, a solidariedade e a democracia.

Coidas que é posible? Explica por que.



Dereitos humanos e política exterior

Todos temos dereitos recoñecidos polo mero feito de sermos persoas. Son cousas que podemos facer ou obter, como a educación, a atención médica, a liberdade de expresión ou o respecto á intimidade. Incluso hai dereitos que te protexen fronte a aqueles que queren prexudicarte ou facerte sufrir. Así, por exemplo, a policía non te pode deter sen razón, non podes ser ameazado e o teu teléfono non pode ser obxecto de escoitas sen motivo válido.

Algunhas organizacións tentan convencer os gobernos de que estes deben respectar os dereitos humanos.

Busca unha organización que se ocupe dos dereitos humanos a escala internacional e procura describir o que fai.

Na Unión Europea os dereitos humanos son obxecto da máxima atención. Todos os Estados membros aceptaron respectar os dereitos humanos recollidos no Tratado de Lisboa. Tamén os países que desexen adherirse á Unión deben respectalos.

A Unión aborda igualmente a cuestión dos dereitos humanos cos países extraeuropeos e esfórzase en mellorar a súa situación. Para acadar este obxectivo, os vinte e oito países pensan que é preferible a colaboración entre eles. Hai que ter en conta que o teu país por si só ten menos influencia no mundo que os vinte e oito países agrupados.

Cita varios países cos que a Unión aborde a cuestión dos dereitos humanos.

1 _____

2 _____

3 _____

De que dereitos humanos se trata?

Que dereitos humanos consideras esenciais?





Módulo 6: «A túa voz en Europa»

Ás veces tes unha opinión clara sobre un tema; ás veces interésaste por todo tipo de cousas. Ás veces cres que hai que cambiar de verdade as cousas e queres falar diso e facer a túa contribución. Iso empeza cando es neno, cando xogas cos teus compañeiros na escola primaria. E agora na secundaria tamén queres dar a túa opinión. Se tes unha opinión que dar, fas oír a túa voz e explicas o que pensas sobre o tema.

O teu voto inflúe!

Trátase de ti e só de ti, co teu voto e a túa opinión. Oficialmente podes votar a partir dos 18 anos. Daquela, podes influír; especialmente no teu municipio, na túa comunidade autónoma, no teu Parlamento nacional ou mesmo en Europa.

O teu voto conta?

Hai persoas que cren que o seu voto non ten repercusión ningunha. É certo? É tan simple non ir votar e facer coma se nada?

Por suposto que non: imaxina que queres que te elixan para a delegación de alumnos do teu colexio e que haxa cen alumnos con dereito a voto. Destas cen persoas, cincuenta non acoden a votar, así que o seu voto se perde.

Que pode significar isto para ti?

Vexamos un exemplo sinxelo: se non acodes a votar, non te podes queixar cando se tome algunha decisión, porque non fixeches uso do teu voto.

O teu voto ao Parlamento Europeo

Dende 1979 os cidadáns da Unión elixen o Parlamento Europeo cada cinco anos. O Parlamento Europeo componse de 751 membros (chamados deputados europeos). O líder do maior partido europeo (PPE) foi nomeado presidente da Comisión Europea por vez primeira.

Podes ler máis sobre o tema en www.europarl.europa.eu.

UTILIZA TU PODER. TÚ PUEDES DECIDIR QUIÉN DIRIGE EUROPA.



Despois das eleccións, os deputados europeos póñense de acordo sobre os temas de interese xeral en Europa, como a seguridade, o medio ambiente, a economía, a mobilidade, os dereitos humanos e a enerxía. Todo iso se desenvolve democraticamente, igual que nos parlamentos nacionais. Unha vez celebradas as eleccións, todos os deputados se poñen de acordo para a reparto de funcións. En Europa, estas coñécense como «ámbitos políticos». Cada deputado europeo é, pois, responsable de diversos ámbitos políticos.

No 2019 poderás votar nas eleccións ao Parlamento Europeo e quizais antes de que chegue ese momento xa sexas maior de idade; nese caso poderás votar noutras eleccións que se convoquen. Para saber a quen ou a que partido votarás, debes, por suposto, coñecer as túas preferencias políticas. Así, podes votar a un partido de esquerdas ou a un de dereitas. Ou se cadra queres darlle o teu voto a un partido situado máis no centro; as posibilidades son moitas. Xa que logo, debes saber canto máis mellor sobre os puntos de vista de cada partido, puntos de vista que podes ler nos seus programas.

Que farás?

Se no 2019 tes xa idade para votar nas eleccións ao Parlamento Europeo, valo facer?

De ser así, por que?



De non ser así, por que?



**No 2019 esperámoste
nas urnas!**

Mencións legais:

Para a xente nova á procura de Europa.

Estes módulos didácticos son unha publicación da Oficina de Información do Parlamento Europeo en España e van especialmente destinados aos alumnos de secundaria.

Parlamento Europeo – Oficina de Información en España
PPaseo de la Castellana 46 – 28046 Madrid
www.europarl.es

E-mail epmadrid@ep.europa.eu



<https://www.facebook.com/ParlamentoEuropeo.ES>



http://twitter.com/#!/PE_Espana



https://instagram.com/pe_espana/



http://www.flickr.com/photos/parlamento_europeo_madrid

Madrid, outubro do 2016

